



CONCELLO DE COIRÓS

ANUNCIO

CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE COIRÓS

Pola presente convócase o proceso de contratación para a constitución dunha bolsa de traballo de persoal laboral como Auxiliar de Axuda no Fogar, que atenda as necesidades de contratación temporais (vacacións, baixas médicas, excedencias, días libres,...) do servizo municipal de Axuda no Fogar do Concello de Coirós (SAF, tanto por libre concorrência coma por dependencia), mediante o procedemento de oposición.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro , do Estatuto básico do empregado público.
- c) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: Non estar separada do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Titulación: Estar en posesión dos seguintes títulos ou en condición de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
 - o Título de técnica/o en Atención a persoas en situación de dependencia, regulado polo RD 1593/2011, de 04 de novembro.
 - o Título de técnica/o en atención sociosanitaria, establecido polo R.d. 496/2003, de 02 de maio.
 - o Certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.
 - o Certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación. Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuíranse pola persoa aspirante no momento de remata-lo prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.



CONCELLO DE COIRÓS

- f) Estar en posesión do carné de conducir B1, ou en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de instancias, e dispoñibilidade de vehículo.

As solicitudes de participación nas probas selectivas presentaranse mediante instancia dirixida a Alcaldía do Concello de Coirós, no rexistro xeral do Concello de Coirós, no prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun diario de difusión rexional, na páxina web (www.concellocoiros.com) e no Taboleiro de anuncios do Concello

Coa instancia (segundo o anexo II das bases) deberán presentar:

- Documento nacional de identidade ou equivalente.
- Titulación esixida segundo o disposto na base cuarta, apartado e); que se acreditará co orixinal ou fotocopia compulsada da mesma, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Fotocopia compulsada da licenza de condución B1
- El Anexo III de protección de datos, debidamente cuberto a asinado

Mais información na páxina web do Concello de Coirós (www.coiros.es), no Perfil do contratante, da mesma.

Coirós 17 de febreiro de 2022
O ALCALDE

Asdo. Francisco Quintela Requeijo.